

## Premios e dotación:

Establécense un primeiro, un segundo e un terceiro premio:

**PRIMEIRO PREMIO:** consistirá nunha tarxeta regalo por valor de 2.000 euros, que se dividirá entre o número de autores da curtametraxe gañadora, para a adquisición de material informático, audiovisual, deportivo ou material de lectura.

**SEGUNDO PREMIO:** consistirá nunha tarxeta regalo por valor de 1.500 euros, que se dividirá entre o número de autores da segunda curtametraxe gañadora, para a adquisición de material informático, audiovisual, deportivo ou material de lectura.

**TERCEIRO PREMIO:** consistirá nunha tarxeta regalo por valor de 1.000 euros, que se dividirá entre o número de autores da terceira curtametraxe gañadora, para a adquisición de material informático, audiovisual, deportivo ou material de lectura.

## Resolución:

Criterios e procedemento de concesión dos premios

**1.** O prazo máximo para resolver e notificar a resolución será dun mes e medio, que se contará a partir do día seguinte ao de finalización do prazo de presentación das curtametraxes.

**2.** O xurado encargado de analizar e de resolver os premios estará integrado polos seguintes membros:

- **Presidente/a:** conselleiro de Sanidade ou persoa en quen delegue.

- **Vogais:** o director da Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic) ou persoa en quen delegue, dous representantes designados pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, por parte de ADOS: o/a director/a da Axencia ou persoa en quen delegue, o/a coordinador/a autonómico/ca de transplantes da dita axencia ou persoa en quen delegue (que exercerá como secretario/a) e unha persoa técnica da coordinación autonómica de transplantes.

**3.** Logo de avaliadas as curtametraxes, o xurado emitirá unha proposta na que se concrete o resultado da avaliación efectuada. Notificaránselles aos premiados a data, a hora e o lugar da entrega dos premios, que se fará nun acto público

En caso de empate, o presidente do xurado terá voto dirimente.

**3.1.** Para a concesión dos premios atenderase aos seguintes criterios:

a) A calidade e utilidade da información que ofrece respecto do beneficio que ten para a sociedade a doazón e/ou os transplantes de medula ósea.

b) Valorarase a orixinalidade, o uso da linguaxe audiovisual, o esforzo técnico e o creativo.

**3.2.** Por proposta motivada do xurado, os premios poden quedar desertos.

Coordinación Autonómica de Transplantes  
Axencia de Doazón de Órganos e Sangue


**881 542 863**

[www.sergas.gal](http://www.sergas.gal)

# IX CONCURSO universitario de curtametraxes

relacionado coa  
doazón e co transplante  
de medula ósea

curso 2023/24



Faite doador de  
medula ósea



# IX CONCURSO UNIVERSITARIO DE CURTAMETRAXES RELACIONADO COA DOAZÓN E CO TRANSPLANTE DE MEDULA ÓSEA

## Obxecto:

A doazón de medula ósea é das poucas que poden realizarse en vida e permite salvar cada ano a vida de miles de persoas anónimas no mundo. Un dos obxectivos primordiais na concienciación deste tipo de doazón é o deseño de intervencións informativas dirixidas á mocidade, co obxecto de mellorar a opinión sobre a doazón e os transplantes de medula ósea, o que lles permitirá tomar unha decisión propia ao respecto e seren transmisores informados dos coñecementos adquiridos sobre a doazón no seu ámbito de influencia familiar, social, académico e laboral.

## Finalidade:

A Consellería de Sanidade e a Axencia de Doazón de Órganos e Sangue (ADOS), en colaboración coa Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, convoca un concurso de curtametraxes dirixido aos estudantes universitarios para o curso escolar 2023/24, que ten como tema a doazón e os beneficios do transplante de medula ósea, co fin de promover a sensibilización social de maneira responsable sobre a doazón, entendida como un acto voluntario e altruísta.

## Destinatarios:

Poderá participar no concurso de curtametraxes o alumnado matriculado durante o curso 2023/24 nas universidades do Sistema Universitario de Galicia e nos centros asociados da UNED en Galicia.

## Información sobre o desenvolvemento do programa:

Todas as persoas interesadas en participar poden obter información sobre as bases deste concurso contactando coa Coordinación Autonómica de Transplantes de Galicia de ADOS no teléfono 881 542 863 ou a través do seu enderezo de correo [cat.ados@sergas.gal](mailto:cat.ados@sergas.gal). Tamén poden acceder á información de apoio sobre a doazón de medula ósea e o transplante nas seguintes ligazóns: <https://galicia.medulaosea.org/>, <http://ados.sergas.es/> ou ben <http://www.ont.es>.



Faiete doador de medula ósea

## Requisitos:

Características das curtametraxes:

1. O contido das curtametraxes tratará sobre a doazón e o transplante de medula ósea e os aspectos relacionados con estes. Terán unha duración máxima de 2 minutos (coas cortinas inicial e final incluídas).
2. Poderá participar neste concurso o alumnado, en forma individual ou en grupo (cun máximo de cinco autores por cada un dos traballos presentados).
3. Aceptaranse obras mudas ou sonoras, sempre e cando os textos e diálogos estean subtítulados en galego normativo e todas as secuencias e imaxes sexan creadas para a obra. En calquera caso, non se aceptarán obras que inclúan imaxes protexidas por dereitos de autor alleos a quen presenta a obra.
4. A técnica será libre e poderá gravarse con calquera dispositivo, incluído o teléfono móbil ou tableta en posición horizontal. Presentarase unha copia en máxima calidade.
5. As obras deberán incluír obrigatoriamente un título relacionado co fomento da doazón de medula ósea.
6. Ao inscribir a curtametraxe, as persoas e os grupos de participantes declaran que:
  - 6.1. O traballo presentado é orixinal e inédito.
  - 6.2. Os participantes se responsabilizan de que os contidos audiovisuais, textuais e musicais das curtametraxes presentadas non estean sometidos á propiedade intelectual de terceiros nin a posibles reclamacións legais.

6.3. Todas as persoas identificables que aparecen na curta presentada, se as hai, enviarán un documento asinado de cesión de imaxe na presentación a este concurso e no uso por parte da organización de calquera maneira de difusión que esta considere oportuna.

6.4. Os participantes da elaboración da curta, mediante documento asinado, conceden a cesión de uso á ADOS para empregar as curtametraxes seleccionadas polo xurado, utilízalas para a elaboración de traballos ou presentacións públicas ou tamén como lema dalgunha campaña relacionada coas funcións da devandita axencia.

7. As curtametraxes que non cumpran os criterios determinados nas presentes bases serán eliminadas, así como aquelas cuxo tema non sexa o sinalado nestas.

8. A ADOS, como organizadora e responsable do tratamento dos datos de carácter persoal recadados con ocasión da participación no IX Concurso de curtametraxes, comprométese a utilízalos única e exclusivamente para xestionar o concurso, o seu desenvolvemento, a avaliación dos participantes e a conclusión coa entrega de premios. Os datos non serán cedidos a terceiros. Os interesados poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación e, se procede, oposición ao tratamento dirixíndose á Coordinación Autonómica de Transplantes de ADOS mediante correo electrónico ao seguinte enderezo: [cat.ados@sergas.gal](mailto:cat.ados@sergas.gal)

9. A mera presentación á convocatoria representa a aceptación e o coñecemento das presentes bases por parte das persoas participantes.

10. A entrega da curtametraxe será por correo electrónico ao seguinte enderezo: [cat.ados@sergas.gal](mailto:cat.ados@sergas.gal). No asunto constará "IX Concurso universitario: medula ósea" e no corpo do correo figurará a seguinte información: nome, DNI, domicilio, teléfono, enderezo electrónico, data de nacemento, centro e universidade nos que cursa estudos este ano.

## Prazos de presentación:

A recepción das curtametraxes estará aberta desde o momento da publicación destas bases ata o **15 de xuño de 2024**.

